

**DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO:****Día 4 de xullo de 2022 ás 9:30 horas no CEIP PLURILINGÜE DO CORGO.****LECTURA DO PRIMEIRO EXERCICIO** (de conformidade coa base oitava os opositores deberán ler ante o tribunal, en sesión pública, o exercicio realizado):**O mesmo día 4 de xullo a partir das 16:00 horas no CENTRO SOCIOCULTURAL DO CORGO**

O Corgo, 23 de xuño de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1752

**A FONSGRADA***Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS PEÓNS, DOUS PEÓNS-CONDUTORES, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA**

Polo Concello da Fonsagrada aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal de: seis peóns, dous peóns condutores (Decreto de Alcaldía Núm.2022-0311 de 22 de xuño de 2022), dous xefes de brigada (Decreto de Alcaldía Núm.2022-0312 de 22 de xuño de 2022) e tres condutores de motobomba (Decreto de Alcaldía Núm 2022-0327 de data 23 de xuño de 2022), en virtude do Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

**Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal**Duración:** 3 meses**Sistema selectivo:** Concurso - oposición**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).

A Fonsagrada, 23 de xuño de 2022.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1753

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A SELECCIÓN DUN PALISTA**

Visto o Decreto de Alcaldía Núm. 2022-0323 de data 23 de xuño de 2022 polo que se acorda a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para a cobertura dun posto de palista ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2022.

**Postos ofertados:** 1 palista**Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal**Duración:** 6 meses**Sistema selectivo:** Oposición**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP.As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).

A Fonsagrada, 23 de xuño de 2022.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1754